

no 75  
SOLIDARIDAD GALLEGA

CATEGISMO

SOLIDARIO

—EN—

GALLEGO Y CASTELLANO

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F. 1365


Bibl



LA CORUÑA

y Lit. de L. Lorman.—Riego de Agua, 20

1907





# Catecismo Solidario



## TEXTO GALLEGO

Xa sabedes que fai pouco tempo comenzaron á se xuntaren todol-os viciños d' unha parroquia pra defender seus intereses, así como antes xuntáranse pra asegural-o gando. Quérese decir que o interés xunta todol-os homes.

A primeira das xuntanzas é a da xente d' unha mesma casa. Os petrucios, os pais, os fillos son ó mais querido: quérese a casa, as leiras, os matos, o prado, o gando, toda a facenda: logo quérese o campo-santo onde están as cinzas dos nosos: a eirexa onde nos bautizaron e onde nos casamos: logo os demais parentes e aos viciños do lugar: siguese pol-os da parro-

quia, o ayuntamiento, e logo por todol-os demais da nosa terra.

Gústanos á todos que medren os nosos e que florezan os nosos bens. Pra conseguilo, trabállase forte e duro. Canto mais se traballa mais se quer a terra.

¡Por eso os gallegos queremos tanto á Galicia!

Mais de nada sirve o noso traballo e toda a labor que fagamos, pois se nosas leiras, dan froito, herba e louza c'o noso traballar, inda daríano mais vizoso se quen manda dera axuda ao labrador. Para a nosa facenda abonda o noso traballo; mais para a facenda de todos, para Galicia enteira, non abonda a labor dos seus fillos, se os que nos gobernan non poñen man. E como estamos cansos de ver que non a poñen: como estamos cansos de ver que noso traballo vaise en alcabalas, consumos, territorial e outros trabucos, e non sabemos no que o gastan, pois nin temos pontes, nin camiños, nin nada, e se pagar pagamos, como ricos e tratar, nos tratan como á pobres, é pol-o que imos buscando que o diñeiro que nos levan, se empree en cousas que nosoutros vexamos.

Do goberno non conocemos se non o cacique, e este se fai camiños, solo fainos para onde el quere: se reparte os consumos botaos sobre d'uns poucos e nin él nin os seus páganos. Logo sé o goberno non se acorda de nós, senon pra nós tirar ó pouco que ganamos e non poder vivir se non esfamiados ou tere que andar

á pedir, ó menos que se pode facer é darnos conta do xeito que se gasta o noso diñeiro e que seamos nosoutros os que digamos como ten de se gastar.

Para esto xa que un solo nada pode, debemos e podemos facelo todos xuntos.

Eso ven á sel-a Solidaridade, que non é outra cousa senon a xuntanza de todol-os homes honrados e traballadores para pelear contra de todo lacazán. Por eso fixéronse as sociedades agrícolas e non bastando, foi menester xuntal-as todas, n-eso que se chama federación, por partidos xudiciales.

¿Qué ven á sel-a Solidaridade? Pois eso: a xuntanza, a union. Así como nas parroquias xúntanse todol-os viciños pra lle facel-a labor á pobre viuda cangada de familia ou pra matal-o lume que anda n-un pinar ou n-un mato, así deben de se xuntaren todos pra o ben de todos. E así como non preguntades, nin vos importa, se o que morreu era conservador, carlista ou liberal, se compría ou non c'o preceuto, e a axuda a facedes por caridade e por que foi voso viciño; así pra facel-a solidaridade non debedes de perguntar como pensan os que se asocian. Esta asociación non é pra proveito de un, senon pra proveito de todos; quer decir, pra facer nós ó que o goberno non fai e pra que sendo nós quen pagamol-os trabucos, seamos tamen nós quen gastemos ese diñeiro en proveito da parroquia; pois agora ben sabedes que pagar, pagamos, pero

do noso diñeiro quen dispon, se non é o cacique, non sabemos quen é, que nosoutros non somos.

A solidaridade logofará ó que o goberno non fixo: esto é: camiños, pontes, escolas, reparto de consumos como deben seren, abolición de moitas cargas, e outras cousas mais que ben sabedes. ¿Cómo temos de conseguilo?

Pois facendo a xuntanza de todos, non deixando que nos rouben o voto, votando todos nós á quen conveña e non á quen diga o cacique, e tendo conta de que quen leve nosos votos, cumpra o noso mandato; que ó cumprirá porque sendo elexido por nós non ha de atender o capricho desleigado do cacique.

E do mesmo xeito que as sociedades agrícolas fóronse federando, para seren fortes, as solidaridades que se vayan facendo nos lugares han de xuntárense todas para comenzaren elixindo os nosos rexidores e despois os deputados da provincia e de Madri, para que a rendición sea completa, e desapareza a proteición que ben d' arriba para os caciques de abaixo, que viven do noso traballo.

Sendo a Solidaridade unha xuntanza de homes de ben de total-as opiniós, non mandarán liberales solos, nin conservadores solos, nin carlistas solos, que serán de todol-os partidos; e pol-o mesmo, non tendo interés por determinada política, a Solidaridade daralle morte ao caciquismo pois os representantes d'ela atenderan ao que ao país lle conveña.

Asi como os pais traballan para todol-os fillos e os fillos deben de traballaren para os pais, os gallegos temol-a obriga de traballar pol-a nosa nai qu' é Galicia: E sendo esta rica e feliz, ricos e felices seremos todos nós. Asi non teremos que chorar tanto pol-os fillos que fuxen á longas terras para non se morrer de ame aquí, nã nosa.

Esta labor debe facerse de cote e canto mais axiña moito mellor. Non nos importe que nosoutros non lle deamos romate. Nas vosas hortas tedes arbores que dan froito. Unhas foron prantadas de mais novo que as outras. As nogueiras e castiñeiros que dan hoxe noces e castañas non as prantachedes vosoutros. Foron vosos abós. Eles ó fixeron acordándose de vosoutros e para vosoutros. Tedes a obriga de facel-o -mesmo. E se ademais de arbores que den froito, deixades en herdo aos vosos unha terra libre e rica, dentro do Estado español, faredes unha santa e redentora obra, e total-as boas obras riciben a bendición do Ceo.



## ADVERTENCIA

**Solidaridade Gallega ten o deber de defendel-os intereses da terra. Todos aqueles que teñan que facer algunha reclamación ou queixarensen de algunha cousa que se lles faga inxustamente, poderanse dirixir ao **CENTRO SOLIDARIO** da Cruña, onde se lles aconsellará e dirixirá sin lles costar un carto.**

**Pregunten na rúa do Rego d' Auga 16 - baixo, Libreira.**





x →

# Catecismo Solidario



## TEXTO CASTELLANO

Vosotros sabéis que desde hace poco tiempo comenzaron á unirse los vecinos de cada parroquia para defender sus intereses, igual que antes se habían unido para asegurar de riesgo al ganado.

Esto significa que el interés une á todos los hombres.

La primera unión es la de la familia; la de los que viven en una misma casa. Los abuelos, los padres, los hijos son lo más querido; quiérese la casa, las tierras que á la familia pertenecen, el ganado, toda la hacienda; después se quiere el cementerio donde están las cenizas de los nuestros, la iglesia donde nos bauti-

zaron y en donde fuimos casados; luego á los demás parientes, síguese á los vecinos del lugar, á los de la parroquia, á los del Ayuntamiento y después á todos los demás de nuestra tierra.

Nos alegra que prosperen los que consideramos nuestros y que florezcan sus bienes. Para conseguirlo se trabaja dura y fuertemente, que cuanto más se trabaja más á la tierra se quiere.

¡Por eso los gallegos tanto quieren á Galicia!

Pero de nada sirve nuestro trabajo, toda nuestra labor; nada importa que nuestros huertos, que nuestros prados y montes den fruto á fuerza de fatigas y sudores si los que gobiernan, que son los que pueden, no ayudan al labrador.

Para una hacienda basta el trabajo de unos cuantos hombres, pero para toda nuestra región, para la hacienda de Galicia, la sola labor de sus hijos no llega si los que gobiernan, con los mil medios y recursos de que disponen, no prestan ayuda ó no permiten que solos sin intervenciones ajenas dispongamos de lo nuestro.

Y como desgraciadamente estamos cansados de ver que la tal ayuda no se nos presta, como tampoco se nos concede el derecho de administrarnos por nosotros mismos; como sabemos que el producto de nuestro trabajo acaba todo entre impuestos, contribuciones y demás cargas sin saber en que se gasta ya que

nosotros continuamos sin caminos, sin puentes y sin ferrocarriles; en una palabra, que pagamos como ricos y que nos tratan como pobres, por eso queremos saber y por eso buscamos medios para averiguar á donde va á parar nuestro dinero y conseguir de ahora en adelante que se emplee lo que Galicia dá, en provecho de Galicia.

Del Gobierno no conocemos más que al cacique; para este es para el que se hacen los caminos que van á dar á donde el quiere; en su nombre y con su autorización se hacen los repartos de consumos, que se reparten entre unos pocos, pero no entre el cacique y los suyos que nada pagan. Y si el Gobierno no se acuerda de nosotros más que para llevarse lo poco que ganamos y si nuestras quejas ó no quiere oirlas ó si las oye no quiere atenderlas lo menos que podemos hacer es darnos de ello cuenta y buscarle remedio.

Y como uno solo no puede, debemos hacerlo todos unidos.

Esto es la Solidaridad; unión de hombres honrados y laboriosos para combatir á los que de nosotros viven, al igual que, para defensa de otros intereses, se fundaron las asociaciones agrícolas que para hacerlas todavía mas fuerte buscaron la federación entre todas las de un partido judicial.

Porque cuantos más mejor, cuanto más unidos más fuertes.

Solo esto, pués, viene á ser la Solidaridad: unión de hombres de buena voluntad sin distinción de partidos políticos ni de ideas religiosas que quieran á su país y que para él deseen las mayores venturas.

Así como en las parroquias se unen todos los vecinos para hacerle el trabajo á la pobre viuda que quedó cargada de hijos, ó para apagar el fuego de un pinar, así deben de unirse todos para buscar el bien de todos; y así como no preguntamos si el marido de la viuda á quien se le hace la labor ó á aquél á quien se le queman los pinos eran liberales, carlistas ó conservadores. ó si tenían ó no tenían arraigadas sus creencias religiosas, y solo se hace por caridad, y mejor diríamos aún por deber, del mismo modo para hacer Solidaridad con los demás hombres no se les pregunta lo que son ni lo que piensan en aquellas materias, basta que quieran unirse á nosotros para alcanzar el bien general.

Porque esta Asociación no es para provecho de ninguno en particular, es para prosperidad de esta tierra querida tan olvidada de todos; para alcanzar lo que no conseguimos del Gobierno; para que, ya que nosotros somos los que pagamos los impuestos seamos tambien los que demos empleo á nuestro dinero en beneficio de la Región. Porque ahora pagar, pagamos, pero de nuestro dinero, si no dispone el cacique, no sabemos quien será, que nosotros no somos.

Y de este modo, es decir, distribuyendo nosotros

mismos nuestros recursos tendremos puentes, caminos, ferro-carriles, fomentaremos nuestra labranza y nuestra ganadería, arreglaremos nuestras leyes y nuestras costumbres, disminuirémos los impuestos, acabaremos con otros y haremos, en fin, cuanto en balde Galicia hace mucho tiempo, con sobradísimo derecho, reclama. ¿Cómo habremos de conseguirlo?

Solo con la unión de todos es posible, comenzando por no permitir que nos roben el voto, votando nosotros mismos á quien convenga y no á quien el cacique ordene y llevando cuenta de que aquel á quien votemos cumpla bien nuestro mandato, que sí lo cumplirá, porque siendo por nosotros elegido á los electores ha de atender, no al Gobierno ni al cacique, á ninguno de los cuales deberá su puesto.

Y de la misma manera que las sociedades agrícolas van uniéndose, es decir, federándose, para como antes decimos hacerse más fuertes, así las asociaciones solidarias que se vayan formando han de unirse unas á otras para comenzar eligiendo los concejales y después los diputados de la provincia y luego los de las Cortes á fin de que la redención sea completa y desaparezca la protección que de arriba, de Madrid, viene para los caciques de abajo, que son los que á nuestra cuenta viven.

Siendo Solidaridad la unión de hombres honrados de todas las opiniones políticas, no mandarán ni libe-

rales solos, ni carlistas solos, ni conservadores solos sinó que irán de todos los partidos, juntos, unidos, y no habiendo interés por fracción determinada, la solidaridad matará el caciquismo y en los Ayuntamientos y en las Diputaciones y en el mismo Madrid solamente trabajarán por el bien común y atenderán únicamente á lo que al país convenga.

De la misma manera que los padres trabajan para sus hijos y estos para sus padres, los gallegos tenemos la obligación de trabajar para nuestra madre que es Galicia y siendo esta rica y feliz, ricos y felices serán sus hijos todos y no lamentaremos, como hoy amargamente lamentamos, que muchos de ellos marchen á luengas tierras para no morir de hambre aquí, en la nuestra.

Esta labor debe hacerse en seguida sin importarnos que tal vez nosotros no la demos concluída. En vuestras huertas tendréis árboles que den fruto. Unos fueron plantados antes que otros; los nogales y los castaños que dan hoy nueces y castañas no fueron plantados por vosotros, lo fueron por vuestros abuelos pensando en vosotros y para vosotros.

Estáis obligados á hacer lo mismo. Y si además de árboles con fruto dejáis vuestras tierras libres y ricas, dentro del Estado español, haréis una santa obra de redención que como todas las buenas obras recibirá la bendición del Cielo.

## ADVERTENCIA

**Solidaridad gallega para la defensa de todos los intereses regionales crea una oficina de consultas y reclamaciones cuyas gestiones serán gratuitas.**

**Los que deseen utilizar los servicios de este Centro diríjanse Riego de Agua, 16-bajo. Librería.**



